

AMELIA B. EDWARDS

Monsieur Maurice

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

I

Os sucesos que me dispoño a narrar acaeceron hai máis de medio século. Hoxe son unha anciá co pelo cano, pero nese tempo era unha meniña de apenas dez anos. A dicir verdade, aqueles lugares, e as persoas vencelladas a eles, permanecen máis vívidos na miña memoria ca os lugares e as persoas do presente. Incidentes triviais que de aconteceren onte se borrarían sen deixar pegada regresan á miña acordanza co nivel de detalle dunha fotografía, e, igual ca a inscrición nunha parede¹, palabras non oídas dende hai unha eternidade encozegan a fraguar como súbitos caracteres de lume.

Agora ben, tampouco non é que isto supoña ningunha novidade. Calquera que prenda na velleira conta unha historia similar. Os días que mellor e con máis cariño lembramos son os da nosa mocidade, e, en retrospectiva, mesmo convertemos os padecementos de

¹Remite á coñecida como festa de Baltasar, pasaxe bíblica contida no Libro de Daniel 5:5, que reza así: «De repente apareceron os dedos dunha man de home, que, por detrás do candeeiro, se puxeron a escribir no cal da parede do pazo real». Trátase dunha expresión habitual no ámbito lingüístico anglosaxón para advertir dunha desgraza inminente.

tempos pretéritos en agarimosas lembranzas. Polo que a min respecta, gardo o máis vivo recordo daquela época, como demostrarán as páxinas que seguen.

O meu pai chamábase Bernhard, Johann Ludwig Bernhard, e era natural de Coblenza. Traballara toda a vida para o exército prusiano. Con grande esforzo, abrírase camiño engorde dende as bases até os postos de alto mando. Resultou ferido sete veces, ascendérono outras dúas polo seu desempeño no campo de batalla e chegaron a designalo coronel do rexemento en 1814, cando os aliados entraron en París². En 1819, inhábil xa para o servizo activo, xubilárono, concedéronlle unha pensión e nomeárono intendente real no castelo de Augustenburg³, en Brühl, unha sorte de curadoría militar na que os deberes eran escasos e os emolumentos cuantiosos. Entre estes últimos, destacaban unha serie de dependencias palacianas, un par de hectáreas de xardín de uso privativo e os ingresos derivados dunha taxa de ámbito local. Foi contra a segunda metade daquel

²O 31 de marzo de 1814, as tropas da chamada Sexta Coalición, formada por Reino Unido, España, Portugal, Rusia, Prusia, Suecia, Austria e algúns estados xermánicos, ocupan París. O resultado foi a caída de Napoleón e o seu confinamento na illa de Elba.

³O nome real do palacio é Augustusburg, non Augustenburg. Construíuse a comezos do século XVIII a instancias do arcebispo de Ratisbona Clemente Augusto de Baviera (Bruxelas, 1700-castelo de Philippsburg, 1761), membro da familia Wittelsbach, adscrita á alta nobreza xermana. Trátase dun edificio en forma de U de predominante estilo rococó, sobre o que máis adiante a autora ofrecerá algúns detalles, sempre no ámbito da ficción. Dende 1984 está catalogado como Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

